

UNIDADE 1 - OS DEREITOS HUMANOS

1.- Despois de ver o vídeo, contesta as seguintes preguntas:

- 1.1.- Que son os Dereitos Humanos (DDHH)?
- 1.2.- Cal é a súa orixe?
- 1.3.- Todos os seres humanos gozan deses dereitos?
- 1.4.- Respétanse estes dereitos?
- 1.5.- Quen defende os DDHH e denuncia os casos de violación?

2.- Atopa as definicións destas palabras relacionadas cos DDHH:

Discriminación
Igualdade
Xustiza
Liberdade
Racismo
Machismo
Feminismo
Diversidade
Desigualdade

- a) Principio que recoñece a todos os cidadáns capacidade para os mesmos dereitos
- b) Dar trato de inferioridade a unha persoa ou colectividade por motivos raciais, relixiosos, políticos...
- c) Facultade natural que ten o home de obrar dunha maneira ou de outra, e de non obrar, polo que é responsable dos seus actos.
- d) Comporta actitudes de violencia e desprecio cara ás mulleres.
- e) As persoas somos diferentes: nas nosas características, modos de ser. Non todos temos as mesmas ideas, gustos, aficións, rasgos e capacidades.
- f) Hai diferencias de discriminación nas oportunidades, recursos e bens aos que temos acceso.
- g) Persecución dun grupo ético considerado como inferior.
- h) Dar a cada un o que lle corresponde ou pertence.
- i) Non pretende que os sexos sexan idénticos e nos comportemos exactamente da mesma maneira, senón que respecta a nosa identidade. É unha corrente de igualdade, non de superioridade ou desquite.

3.- Que dereitos cres posuír e che son recoñecidos sen problema? Cres posuír algúns dereitos pero non che son recoñecidos ou che son con problemas?

- Dereito á vida
- Dereito a asistir ao instituto (dereito á educación)
- Dereito a vivir nunha vivenda, a poder ser alimentado
- Dereito a poder ser atendido no hospital, no centro de saúde (dereito á sanidade)
- Dereito a elixir as miñas amizades
- Dereito a elixir o que quero estudar
- Dereito a ter unha familia
- Dereito a expresarme libremente cos meus pais, cos meus profesores, etc.
- Dereito a entrar e saír do instituto, da miña casa cando me apeteza